



# A formación permanente a través de redes de profesorado

Francisco Imbernón  
Universidade de Barcelona  
fimberron@ub.edu

**Os acontecementos sociais de finais do último cuarto do século XX trouxeron á escola, como institución e como organización educativa, unha crise que comparten os profesionais que traballan nela. Isto explicaría que hoxe en día existan docentes desorientados. A escola xa non é a que era hai anos (e non pode sê-lo), nin o profesorado ten o mesmo papel. As súas funcións cambiaron. Polo tanto, debe mudar tamén a súa forma de traballar e necesitan actualizarse continuamente. Impónse unha nova cultura profesional e unha nova formación permanente.**



**Palabras clave:** Formación permanente, innovación, profesorado, comunidade de práctica, redes.

## A actualidade dos ensinantes e das escolas

Unha das finalidades da educación é a busca de alternativas para que unha escolarización máis democrática e de mellor calidade chegue a toda a poboación. Aínda que nisto as leis, as normativas e a estrutura social teñen a súa importancia, hai que recoñecer que o profesorado e a comunidade educativa exercen un papel fundamental. A escola, tal e como a coñecemos, creada na modernidade do século XVIII, consolidada nas súas funcións de educar a cidadanía no XIX, e renovada polos movementos da escola nova durante o XX, intenta ensinarlles aos nenos e nenas de hoxe con persoal formado en procedementos do século XX. Considerada como institución (mesmo dicimos institución educativa), foi sempre unha organización como correspondía á modernidade, época en que foi xeneralizada, pero agora é o momento de falar de comunidade de práctica formativa e establecer redes entre as comunidades<sup>1</sup>.

Non é nada estraño, pois, que os movementos máis inqueados a prol dunha mellor educación da infancia e da actualización dos docentes busquen alternativas de cambio. Neste sentido, unha posible opción é converter a escola nunha comunidade de práctica formativa que permita establecer intercambios, mediante redes de diferentes agrupacións de profesores e profesoras. Esta é, sen dúbida, unha boa elección, porque a través do traballo e da formación conséguese que todo o mundo acadare aprendizaxes que lle permitan desenvolverse na sociedade do futuro, o que contribúe a evitar o fracaso escolar, as desigualdades e a exclusión social de moitos nenos e nenas.

## Comunidade de práctica formativa de profesorado?

Unha comunidade de práctica é un grupo constituído co fin de desenvolver un coñecemento especializado. O termo non pode equipararse ao que denominamos comunidade científica<sup>2</sup>, posto que a súa finalidade é comunicar experiencias e compartir aprendizaxes baseadas na reflexión (actualmente, únese ao concepto de xestión do coñecemento ou práctica reflexiva).

Neste caso, o proceso de formación dáse a través da intensa participación dun conxunto de individuos que se consideran experimentados no tema, obxecto de coñecemento. En xeral, adoitan ser profesores, aínda que se poden incorporar outros axentes educativos ou sociais. O mesmo grupo establece os obxectivos e decide que aspecto vai estudar. Os compoñentes sempre son escollidos no contexto da práctica; é dicir, a formación ten lugar dende dentro.

Segundo Wenger (2001), os requisitos dunha comunidade de práctica son o compromiso mutuo, unha empresa conxunta e un repertorio compartido (creación de recursos para compartir significados). A autora diranos: "A experiencia de coñecer non é menos única, menos creativa e menos extraordinaria, por ser unha experiencia de participación" (p. 76).

Entón, a comunidade de práctica formativa sería un colectivo de profesores e profesoras que intercambian información, reflexionan e aprenden mutuamente sobre a súa praxe. Neste caso, a aprendizaxe entre iguais adquire unha importancia decisiva e todos desenvolven un papel moi activo na construción e reelaboración de normas, de procesos e de valores; así como no establecemento de regras que faciliten a relación educativa entre eles, entre o alumnado e entre todos os membros da comunidade. Por outro lado, estímúlase o respecto polo diverso, de aí que adquira moito alcance a tolerancia profesional, porque sen ela é difícil formarse na escola.

Nestes contextos tamén se dan procesos extraordinariamente relevantes, con respecto á elaboración e reconstrución da práctica educativa e á interiorización de conceptos fundamentais, como o valor do tempo e a súa organización, o emprego dos espazos, ou as nocións do que entendemos por traballo ou traballar, e o que significa ensinar e aprender (Torres, 2006).

Unha importante finalidade sería construír un proxecto educativo en que prevaleza unha formación baseada na cooperación e na solidariedade, a partir, máis que das debilidades, das fortalezas que ten a escola. Neste caso, debería erguerse sobre a idea de que os recursos que posúe a comunidade de práctica do profesorado deben valorarse e articularse tendo moi en conta as necesidades e as posibilidades específicas do colectivo para a mellora da escola.

Os efectos de natureza social e afectiva que se xeren no seo da comunidade son extraordinariamente valiosos para o profesorado, porque incidin na súa propia autoestima (o que agora ten máis importancia ca noutras épocas) e porque mitigan o impacto que poida ter sobre a unha determinada acción educativa ou institucional.

## A súa contribución ao cambio da estrutura escolar

Unha comunidade de práctica formativa comporta unha considerable transformación nas relacións de poder da escola. Iso é así posto que se fai imprescindible que a organización e as estruturas de xestión se supediten ás prioridades definidas pola comunidade e aos obxectivos e tarefas propostos por todos.

Na actualidade, o edificio escolar, tanto na súa configuración arquitectónica coma no xeito de organizarse, aseméllase bastante á escola do pasado, pensada para lles ensinar aos nenos e ás nenas e concibida para desenvolver un traballo docente que ten pouco que ver coas necesidades presentes. O novo proxecto necesita un ordenamento diferente do modelo tradicional. Ha de ser dinámico e participativo, que posibilite unha mellor aprendizaxe, que rompa o illamento do profesorado e que se despoxe do concepto de aulas pechadas. É dicir, apóstase por unha escola que asuma o liderado compartido e a participación como iguais.

Isto implica un novo papel do claustro e tamén do persoal de dirección. Non hai que esquecer que este debe facilitar as reunións, ofrecer información, posibilitar as relacións, valorar o traballo e delegar funcións. Ademais, representa un elemento clave no desenvolvemento da comunidade, sobre todo como estimulador e dinamizador das medidas de transformación que se emprenden.

Tamén cambia a metodoloxía, que ás veces é o máis difícil. Neste caso, todo o profesorado é mestre de todos. Amplíase a noción de aula e as posibilidades e funcións educativas deste espazo. Xa non é necesariamente un lugar entre catro paredes, senón calquera ámbito onde se establezan boas interaccións entre os alumnos, e entre estes e o profesor. Esta reconceptualización amplía o grao de responsabilidade e de autonomía dos profesionais na súa xestión, e destaca o papel activo que tamén posúe o propio alumnado na regulación dos intercambios, así como os parámetros de referencia baixo os que actúan: o tempo, os espazos, as normas, os seus referentes e os estilos comunicativos. Todo isto posúe un enorme potencial explicativo e de posibilidades formativas e autoformativas sobre o profesorado.

Así pois, a comunidade de práctica debe facer emerxer un novo concepto de aula, xa que esta pasa a ser un contexto que se afasta da reprodución estandarizada da cultura social ou académica dominante, para dar paso á elaboración dun modo de traballar propio. Este novo espazo formativo xera no profesorado oportunidades para a reelaboración, máis ou menos positiva, de imaxes sobre si mesmo e sobre os demais, e para a reinterpretación do ser social e educativo que cada un dos seus compoñentes ten como individuo e como parte dun colectivo, a partir das situacións vividas na práctica cotiá. E isto repercute no seu desenvolvemento persoal, profesional e institucional.



## Da comunidade de práctica ás redes entre o profesorado

A escola como comunidade de práctica ábrese a outras comunidades e aparecen as redes. As redes dan a posibilidade de ter novos instrumentos e, sobre todo, poñen en marcha o uso das ferramentas tecnolóxicas<sup>3</sup>. É dicir, pásase dunha estrutura máis lineal (eu relaciónome co colega próximo) a outra máis complexa, hoxe facilitada polas TIC<sup>4</sup> (eu pódome relacionar con todos á vez). Isto supuxo un gran salto sen fronteiras na comunicación e no intercambio social e educativo (Hanneman e Riddle, 2005). O que se denomina conectivismo, ou sexa, un proceso de formación e aprendizaxe entre persoas enlazadas entre si, que o atopamos cando queremos.

As redes poden ampliar o traballo das escolas e o intercambio entre profesionais, e, asemade, ampliar elementos importantes na formación do profesorado como:

- A potenciación da reflexión crítica das políticas e actuacións das administracións educativas. Non ser tan vulnerables ao ámbito político.
- A vinculación á práctica innovadora e o desenvolvemento da cultura democrática do centro.
- A participación crítica do profesorado, o seu cambio cultural e o das súas prácticas.
- A participación en redes socioeducativas e a apertura a movementos sociais.
- Compartir e discutir os obxectivos da renovación e innovación educativa da escola e doutras escolas.
- Repensar novos modelos colaborativos de traballo.
- Establecer redes presenciais e buscar apoio para reunións temáticas.

A potencialidade das redes de profesores e profesoras apóiase nun feito cada vez máis recoñecido: a innovación, a xeración de novo coñecemento e a aprendizaxe non é necesariamente un proceso de planificación individual, nin unicamente institucional. Tamén é o resultado da interacción social e educativa, da colaboración entre os seus membros e entre profesionais que actúan no mesmo contexto, ou en ámbitos diferentes. E isto é fundamental.

As redes educativas entre o profesorado poden lograr, ademais, relacións democráticas con funcionamento estratéxico que vincule actores educativos e sociais pertencentes a unha colectividade, para responder aos problemas e ás demandas da comunidade educativa e do seu ámbito. E isto non se consegue con sistemas organizativos ríxidos. Moi ao contrario, necesítanse grandes doses de flexibilidade e tolerancia. Todos poden achegar algo. As portas das redes han de estar ben abertas. No futuro, a innovación educativa e a formación do profesorado terán lugar nestes grupos de persoas que se intercambiarán propostas, debates, experiencias, documentación, etc. e que axudarán a que a educación avance a un ritmo máis rápido e cunha maior democracia e equidade.

## Bibliografía

- DABAS, E. N. (1996) *Redes sociales, familias y escuela*. Colección Cuestiones de Educación. Bos Aires, Ed. Paidós.
- FERNÁNDEZ ENGUITA, M. (2008) "¿Qué hay de nuevo bajo el sol? De las organizaciones y los grupos a las redes" *Cuadernos de Pedagogía*, (305) 12-19.
- HANNEMAN, R. A. e RIDDLE, M. (2005) *Introduction to social network methods*. Riverside (EE. UU.), University of California.
- TORRES, J. (2006) *La desmotivación del profesorado*. Madrid, Ed. Morata.
- WENGER, E. (2001) *Comunidades de práctica: aprendizaje, significación e identidad*. Barcelona, Paidós.

1. Para diferenciar comunidade, institución, organización e redes, ver Fernández Enguita, M. (2008).

2. Aínda que non obvia que a escola e o seu profesorado poidan investigar sobre a súa práctica.

3. A WEB 2.0 descorta por Tim ou Reilly o 2004 axudará a este desenvolvemento pola súa capacidade de servizos colaborativos e de intercambio. Hoxe contámos a falar da WEB 3.0 como desenvolvemento da intelixencia artificial.

4. T... implica un proceso de construción permanente tanto individual coma colectivo. É un sistema aberto, multiéxico, que a través dun intercambio dinámico entre os integrantes do colectivo (familias, equipo de traballo, barrio, organización, ou centro comunitario, entre outros) e con integrantes de outros colectivos, posibilita a potenciación innovadora dos recursos que teñen e a creación de novas alternativas para a resolución de problemas e a satisfacción dos seus necesidades. Cada membro do colectivo enriquecese a través das múltiples relacións que cada un dos outros desenvolve, optimizando os aprendizaxes ao ser estes socialmente compartidos" (Dabas, 1996, pp. 42).

Imprimir páxina

## outros artigos

### Resolve a profesionalidade o Máster de Secundaria?

Antonio Bolívar Universidade de Granada abolivar@ugr.es

### Formación inicial do profesorado

Coñecementos e competencias

### A formación permanente a través de redes de profesorado

Francisco Imbernón Universidade de Barcelona fimberron@ub.edu

### A vertixinosa (transformación do profesorado)

Xabier San Isidro Asesor de Linguas Estranxeiras Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

## relacionados

### Antonio Bolívar:

Competencia para el aprendizaje

La autonomía de los centros educativos en España

Familia y escuela: dos mundos llamados a trabajar en común

### Francisco Imbernón:

Los retos de la Universidad del futuro

Maestro de todo, sabio de nada. La función docente

### Xavier San Isidro:

Cara a unha competencia plurilingüe (artigo de Foro, en *Eduga* 53)

Ciudadanía galega plurilingüe na Europa de 'días máis unha' (artigo de Foro, en *Eduga* 53)

CLIL, aprender idiomas con sentido e de xeito natural (entrevista a David Marsh, en *Eduga* 53)

Cambiar a metáfora da escola (entrevista a Juana María Sancho Gil, en *Eduga* 50)

### Mercedes González Sanmamed:

O EEES: perspectiva do alumnado das universidades galegas

Mercedes González Sanmamed, Eduard José Fuentes Abeledo.

Las prácticas escolares como una ocasión para aprender a enseñar



## viñeta Francesco Tonucci



FFATO 81

NOVOS PROGRAMAS ESCOLARES

## O MÁIS VISTO

Accesibilidade do sitio web

Plan de acción 2010-2011 do Ministerio para mellorar a calidade do sistema

Eurydice, a rede europea de información sobre educación

Declaración mundial: Aprender a través do xogo. OMEP 2010

Entreponites, unha revista escolar para desenvolver competencias

Reiniciándose as clases universitarias no rural para os maiores de 55 anos

## COLABORA COA REVISTA

Investigación

Experiencias

Cartas á directora

Foro

## OUTRAS SECCIÓNS

Axenda

EEES - 2010-2011

Oue é

Mediateca

Tribuna

Blogs

Lexislación

Hemeroteca

Créditos da revista